



## Sólidos Galicianos de Pancho Álvarez en primicia dixital antes do seu lanzamento

Onte martes, o programa Alalá da TVG celebrou o seu programa número 100. E para este especial contaron como protagonista co músico [Pancho Álvarez](#), que fixo un percorrido polas súas lembranzas así como polos seus inicios musicais.

O artista acaba de editar o seu terceiro traballo *Sólidos galicianos* baixo o selo discográfico PAI Música.

O novo disco de Pancho Álvarez xa está dispoñible en EXCLUSIVA na tenda de PAI Música [www.paitunes.com](http://www.paitunes.com) en formato dixital, unha primicia de PAI Música antes do lanzamento oficial do disco

**Merchar agora**   
[www.paitunes.com](http://www.paitunes.com)



## Radio Clandestina xa comezou as súas emisións

Radio Clandestina, a radio de [PAI Música](#), xa comezou as súas emisións ininterrompidas as 24 horas do día. A programación podedes escoitala en [www.radiopai.com](http://www.radiopai.com)

Xa a partir de marzo, Radio Clandestina comezará a emitir programas de produción propia. **Todos aqueles que o desexedes poderedes facer o voso propio programa.** É sinxelo. A única condición é que o gravedes en formato MP3 para a súa posterior emisión. Se queredes participar, enviade un correo a [radio@pai-musica.com](mailto:radio@pai-musica.com).



## Radio Clandestina: Especiais desta semana

Este xoves 26 de febreiro, [Radio Clandestina](#) emitirá o concerto en directo do grupo de rock progresivo *Es un árbol*. Este concerto pertence a campaña [Música en Vivo contra el cambio climático](#), unha iniciativa promovida por Intermon Oxfam que conta coa colaboración de ACCES. O programa pretende concienciar, mediante a música, das consecuencias do cambio climático.

O sábado 28, Radio Clandestina emitirá en directo o concerto de Los Fabulosos Cubatas, o dúo formado por Pepe Méndez e Eduardo Hermida que nos achegarán o seu particular espectáculo músico-humorístico.